

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [5] Centro Coreográfico Galego
- [5-6] Centro Dramático Galego
- [6] Escola de Altos Estudos Musicais
- [7-9] AXENDA
- [10-12] ALERTA!
- [12] NOVIDADES EDITORIAIS
- [13-14] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O CDG PECHA A TEMPORADA DE PRODUCCIÓN CON 'ESTIGMA'

A OBRA É O RESULTADO DO EXERCICIO DE ESCRITURA A TRES BANDAS REALIZADO POR JACOBO PAZ, VANESA SOTELO E RUBÉN RUIBAL

DANI SALGADO COORDINOU O PROCESO LITERARIO E ASUMIU A DIRECCIÓN ESCÉNICA

O Centro Dramático Galego (CDG) culmina o seu plan de produción propia para a actual temporada 2007-2008 con *Estigma*, espectáculo en clave de suspense resultado do proxecto de dramaturxia residente *DramA3*, impulsado no verán de 2007 pola compañía pública como exercicio de escritura a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática. A montaxe, que se estreaba con gran éxito no Salón Teatro o 2 de maio, permanecerá en Compostela até o día 18 do mesmo mes, para continuar despois cunha xira por 9 localidades galegas: Tui, Narón, O Barco, Vigo, Ribadeo, Ferrol, Vilagarcía, A Coruña e Ribadavia.

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Foto portada: Tono Arias

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

Con *Estigma* o CDG aposta por un xénero pouco colleitado no teatro e no que participan creadores e intérpretes novos, pertencentes na súa maior parte á xeración dos 70. Así, Dani Salgado, coordinador do proceso de construción literaria, asume tamén a dirección escénica de *Estigma*, en tanto que Xabier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende conforman o elenco actoral. Outros membros do equipo artístico que traballan na montaxe son Joan Galí (deseño de espazo escénico, vestuario e atrezzo), Baltasar Patiño (deseño de iluminación), Dolores Centeno (maquillaxe), Alex Rademakers e Francesc Sitges (audiovisual e espazo sonoro) ou Andreu Raich (axudante de dirección e movemento escénico).

PROYECCIÓN AUDIOVISUAL

Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta nova proposta escénica. A través de imaxes moi potentes, unha breve proxección audiovisual dá paso a un percorrido inquietante e a unha visión pouco optimista respecto ao ser humano que transita nun clima de intriga.

Cada un dos dramaturgos participantes escribiu un acto, compartindo historia, espazo e personaxes, de tal forma que a obra contén tres visións diferentes –segundo a mirada de cada autor– aínda que coherentes. A trama sitúase na illa de Estigma, un lugar case deserto no que, trala erupción dun volcán, unha muller acabada de chegar investiga unha masacre, dous irmáns enfrontan o



destino que levan marcado na pel, a desconfianza aniña no seo dunha parella e do remoto continente chega un descoñecido.


EN XIRA ATÉ FINAIS DE XULLO

Estigma permanecerá no Salón Teatro até o domingo 18 de maio con cinco funcións semanais: os mércores e xoves celebraranse as representacións concertadas con centros de ensino ás 11.00 horas, mentres que os venres e sábados ás 20.30 horas e os domingos ás 18.00 horas terán lugar as funcións para o público xeral. As entradas poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro dende dúas horas antes do inicio do espectáculo. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros o sábado

(cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven e desempregados) e de 5 euros o domingo, día do espectador.

Tralas funcións en Compostela, o CDG iniciará unha xira –cofinanciada pola Fundación Caixa Galicia– que se prolongará até o mes de xullo e durante a cal *Estigma* visitará as localidades galegas de Tui (Teatro Área Panorámica, 22 e 23 de maio), Narón (Auditorio Municipal, 30 e 31 de maio), O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 6 de xuño), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 e 14 de xuño), Ribadeo (Auditorio Municipal, 20 de xuño), Ferrol (Teatro Jofre, 22 de xuño), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 27 de xuño) e A Coruña (Teatro Colón, 2 e 3 de xullo). Tamén formará parte da carteleira da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia o 20 de xullo.

Arriba, de esquerda a dereita: Clara Gayo, Xabier Deive, María Tasende e Vicente de Souza nun ensaio. Abaixo, cartel da montaxe.





FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS, 2008

AVANZAN OS PREPARATIVOS PARA A NOVA EDICIÓN

A organización da Feira Galega das Artes Escénicas está a intensificar os preparativos da súa edición de 2008, para a que acaba de abrir o prazo de inscrición de compañías cara á selección das montaxes de teatro, danza e novo circo que se exhibirán do 13 ao 17 de outubro en cinco espazos de Santiago de Compostela.

Todas as solicitudes de participación –tanto de compañías, como de programadores e distribuidores, ou de empresas do sector interesadas en contar cun *stand* propio na sede da Feira– deben formalizarse nos prazos establecidos para cada proceso a través da web www.feiradasartesscenicass.com, que xa dispón de nova imaxe e contidos actualizados.

No caso das compañías, o período de recepción de propostas mantense até o vindeiro 20 de maio, data trala que dará comezo o proceso de selección dun cartel de 25 espectáculos, dos que 20 serán de compañías galegas, 3 de fala portuguesa e 2 chegados de Euscadi, comunidade autónoma convidada nesta ocasión. Esta selección realízase a través de dúas vías: obxectiva, en función dos niveis de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios, e artística, a cargo dunha comisión que terá en conta criterios de calidade, innovación e actualidade das montaxes candidatas.

Unha das principais novidades organizativas da edición de 2008 ten que ver coa concentración de gran parte da actividade nun único espazo, o Auditorio de Galicia, que acollerá a oficina de coordinación, os *stands* de empresas escénicas, as mesas de debate, un dos escenarios de exhibición (a Sala Mozart) e o restaurante. Este cambio de sede busca conseguir unha maior e mellor comunicación entre todos os participantes, ao tempo que se facilita o seu traballo durante as cinco intensas xornadas de Feira.

A Feira Galega das Artes Escénicas avanzará igualmente na liña de traballo iniciada en 2007 coa introdución do programa de bonificacións á contratación, que este ano contempla descontos de entre o 30 e o 40 por cento para teatros e auditorios públicos ou privados non galegos, entidades organizadoras de festivais, certames ou feiras, e xestoras de redes públicas, sempre que contén con representación entre os asistentes ao evento. Esta porcentaxe incrementarase nun 10 por cento no caso de que as solicitantes sexan entidades procedentes de Euscadi.



PAZOS DE INSCRICIÓN

Espectáculos:

do 1 ao 20 de maio

Programadores e distribuidores:

a partir da primeira quincena de xuño

Aluguer de *stands*:

a partir de finais de maio

ESPAZOS

Sede:

Auditorio de Galicia

Espazos de exhibición:

ARTeria Noroeste (sede da SGAE)

Sala Nasa

Sala Mozart (Auditorio de Galicia)

Salón Teatro

Teatro Principal

SELECCIÓN DE ESPECTÁCULOS

Selección obxectiva (14 espectáculos galegos): as 8 compañías de teatro de adulto e as 6 compañías de teatro infantil con maior distribución dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o segundo semestre de 2007 e o primeiro de 2008.


Selección artística (11 espectáculos): unha comisión nomeada polo IGAEM seleccionará 6 espectáculos de compañías galegas, sendo 2 ou 3 de danza e 5 de teatro e/ou danza de fóra de Galicia (3 en idioma portugués e 2 de Euscadi).

COMISIÓN DE SELECCIÓN

Carmen Castro,
xestora cultural de Carballo

Roberto Taboada,
director do festival ALT

Camilo Franco,
crítico teatral



A CONSELLEIRA DE CULTURA PRESENTARÁ O PGAE O 20 DE MAIO NUN ACTO NO SALÓN TEATRO

A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, presentará o 20 de maio o documento definitivo no que se concretou o Plan Galego das Artes Escénicas (PGAE), nun acto ao que está convidado todo o sector e que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela ás 12.00 horas.

Na presentación, Bugallo explicará as claves desta guía estratéxica que servirá ao desenvolvemento do teatro e a danza de Galiza durante os próximos anos; e que foi elaborada coa participación dunhas 60 persoas pola súa condición de expertas ou representantes dos distintos ámbitos nos que se manifestan as artes escénicas galegas.

Está previsto que o dúo Mofa e Befá, dirixido por Quico Cadaval, conduza o acto, no que tamén se presentará aos integrantes da comisión de seguimento e avaliación do Plan e se difundirá a imaxe corporativa baixo a que se identificarán todas as aplicacións do PGAE durante os anos da súa vixencia.

Os que desexen reservar a súa localidade para asistir ao acto poden facelo mandando un correo electrónico a igaem@xunta.es ou chamando as extensións telefónicas do IGAEM 105 ou 116.

Plan Galego
das Artes Escénicas

CAIXA GALICIA INVESTIRÁ 300.000 EUROS NA DISTRIBUCIÓN DE ESPECTÁCULOS DO IGAEM

A Fundación Caixa Galicia asinou un convenio de colaboración co IGAEM para a distribución dos espectáculos do Centro Coreográfico Galego (CCG) e o Centro Dramático Galego (CDG), as dúas unidades de produción propia do organismo.

O acordo, que foi rubricado o pasado 29 de abril por Teresa Porto, directora da Fundación Caixa Galicia, e Miguel Martín, xerente do IGAEM, supón unha achega económica de 300.000 euros por parte da entidade financeira, que será empregada para cofinanciar a xira por distintas localidades galegas de tres montaxes

concretas: *Kiosco das almas perdidas*, do CCG, e *Estigma* e *A boa persoa de Sezuán*, as dúas do CDG.

O convenio insírese na liña de cooperación mantida entre as dúas institucións a prol da difusión do teatro, a música e a danza galegas, na que tamén se sitúan outras iniciativas como o programa de asistencia financeira Crédito-Cultura.

O IGAEM ADXUDICA 1.240.000 EUROS A 41 COMPAÑÍAS GALEGAS

O IGAEM adxudicou un total de 1.239.929,77 € a 41 compañías profesionais galegas de teatro, danza e maxia como resultado da súa convocatoria de subvencións á actividade escénica. O Consello Reitor ratificou na súa reunión do pasado 24 de abril as contías concedidas a cada proposta (7 dentro do apartado de nova creación, 22 de teatro de actor e de monicreques, 7 de danza e 5 de maxia), ademais de aprobar os importes no resto das modalidades: programa Crédito-Cultura, axudas á distribución, ás dotacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ás salas privadas de teatro e artes escénicas, ao asociacionismo profesional e á formación especializada.

Nesta primeira quenda de resolucións foi adxudicado un total de 1.906.078,17 €, cifra que representa o 90% do orzamento global da convocatoria 2008.

APOIO A 258 FUNCIÓNS

No caso da liña de apoio á actividade escénica, 126.000 € destínanse

ás propostas presentadas por 7 compañías de recente creación; 892.396,50 € a 22 compañías de teatro de actor e de monicreques, tanto na modalidade anual para produción e distribución de novos espectáculos como na bianual para a continuidade da actividade; e 166.000 € ás axudas anuais e bianuais para 7 compañías de danza. Estas contías reflectiranse no desenvolvemento dun total de 258 funcións de teatro e danza, ás que hai que sumar os espectáculos producidos polas 5 empresas de maxia adxudicatarias das subvencións a investimentos produtivos neste ámbito artístico por un importe de 55.533,27€.

Canto ao programa Crédito-Cultura –unha das novidades desta convocatoria a través da que busca facilitar e normalizar en condicións vantaxosas o acceso das empresas do sector ao financiamento bancario–, até o momento foi resolta favorablemente a solicitude dunha compañía, á que o IGAEM achega 1.100 €.

Para as subvencións á distribución resérvanse un orzamento de 380.000 €, do que nesta quenda foi adxudicado preto do 58% dirixido tanto á realización dun total de 240 funcións e concertos fóra de Galiza a cargo de 28 empresas escénicas e musicais (212.786,84 €) como á asistencia doutras 3 empresas a feiras musicais de carácter internacional (6.589,78 €).

+ info en www.igaem.xunta.es



MÁIS DE 800 PERSOAS PARTICIPARON NOS TALLERES DE DANZA CONTEMPORÁNEA

O Centro Coreográfico Galego (CCG), en paralelo á xira da súa última produción *Kiosco das almas perdidas*, organiza talleres de danza contemporánea para non profesionais, nos que até agora teñen participado máis de 800 persoas en 51 sesións levadas a cabo nos concellos da Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Tui.


A través destas accións didácticas, o público entra en contacto cos códigos da danza contemporánea, posibilitando un achegamento puntual á peza programada e propoñendo un vocabulario básico que permita comunicarse co imaxinario creativo de Roberto Oliván, director de *Kiosco das almas perdidas*.

Con esta iniciativa o Centro Coreográfico Galego quere sentar unha base educativa que provoque o nacemento de novos espectadores afeccionados á danza contemporánea en toda Galiza. Os talleres continuarán, coincidindo coas funcións de *Kiosco das almas perdidas*, en Ferrol, Ponferrada, Carballo e Ourense.

ABERTA A INSCRIPCIÓN NA AUDICIÓN PARA O PRÓXIMO ESPECTÁCULO

O Centro Coreográfico Galego realizará un proceso de audición para a escolla dos bailaríns/inas que integrarán o corpo de baile da produción da vindeira temporada 2008/09, que terá lugar na Coruña os días 2, 3, 4 e 5 de xuño en horario de mañá e tarde.

Para presentarse á audición é preciso enviar o currículo vitae ao *mail* docu-



Cursos de psicodanza de O Pelouro

mentacion.ccg@xunta.es; o prazo de recepción de solicitudes remata o 9 de maio e a listaxe definitiva de admitidos, xunto co lugar de realización das audicións, farase pública o 19 de maio. O CCG confirmará vía mail a aceptación das solicitudes.

Os bailaríns que se presenten ás probas deberán preparar un fragmento de material propio ou doutro coreógrafo de 5 minutos de duración. A música debe levarse en soporte cd. A audición constará dunha clase de ballet clásico, unha clase de danza contemporánea e un taller a cargo de Cisco Aznar, coreógrafo invitado para a nova produción do CCG 08/09.

O CCG COLABORA CON 'O PELOURO' NUN CURSO DE PSICODANZA

O CCG organiza, en colaboración co Centro de Integración e Innovación Psicopedagóxica 'O Pelouro', un taller de psicodanza dirixido a familiares e profesores de nenos e nenas entre 6 e 12 anos con necesidades educativas especiais.

Este taller, que se desenvolverá do 30 de maio ao 1 de xuño e que mantén aberta a inscrición até o 23 de maio, pretende ofrecer ás familias metodoloxías e ferramentas clave para empregar a danza como un elemento fundamental na integración e na educación dos individuos, en concreto dos rapaces. O curso terá lugar en O Pelouro (Caldelas de Tui, Pontevedra), centro pioneiro dende 1973 na investigación-acción experimental, sociocognición, coñecemento e outros principios de dialoxicidade. Trátase dunha escola cun modelo transdisciplinar neuropsicosociopedagóxico, que propicia a integración dos nenos con déficits psicociocognitivos e trastornos xeralizados do desenvolvemento.

A investigadora no campo da psicodanza, xestoterapia e arteterapia Laura Rodríguez de Llauder Ubeira é a encargada de impartir este taller. Posúe unha gran experiencia no campo da psicodanza, é profesora en O Pelouro dende 1994 e membro cofundador da asociación O Pelouro Axeito, socia de honra de AFYEC (Asociación Física e Expresión Corporal de Madrid), coordinadora do grupo Eudanza de mozos en integración e membro do Grupo Corps de danza e expresión de Madrid.

O SALÓN TEATRO ACOLLE UN CONCERTO DE HOMENAXE A ENRIQUE MACÍAS

O Salón Teatro acolle o vindeiro 23 de maio ás 20.30 horas un concerto de música contemporánea a cargo do colectivo portugués SOND'AR-te Electric Ensemble, en homenaxe ao desaparecido compositor vigués Enrique X. Macías no 50 aniversario do seu nacemento.

O programa para este recital abranque tres composicións de Macías, músico de formación autodidacta cuxa obra acadou gran repercusión internacional e que viu truncada a súa prometedora carreira ao chegarlle a morte aos 37 anos.

Fundada en 2007, a SOND'AR-te Electric Ensemble é unha proposta totalmente innovadora no panorama musical europeo contemporáneo, na medida en que combina instrumentos acústicos coas máis recentes tecnoloxías electrónicas. A dirección artística pertence a Miguel Azguime, en tanto que o mestre titular é o compositor Pedro Amaral.

O espazo escénico da compostelana Rúa Nova continuará coa súa programación do 26 de maio ao 3 de xuño coa Mostra de Teatro Universitario de Galicia.



Imaxe de arquivo de Enrique X. Macías

ÉXITO DE 'VALDEMULLER' EN VALENCIA E NO 'FACER A FESTA' DO PORTO

Valdemuller, a produción de teatro de obxectos do CDG que dirixiu Pablo Vergne a partir da obra de Xosé A. Neira Cruz, acadou un grande éxito nas representacións que levou a cabo recentemente fóra de Galiza, tanto no Teatro Escalante de Valencia como no Auditorio Almeida Garret do Porto.

No caso concreto de Valencia, leváronse a cabo en catro días (do 27 ao 30 de abril) sete funcións, ás que poideron acceder tanto público escolar como familiar. Esta foi a primeira visita da compañía institucional galega a este espazo escénico, referencia para todo o Estado pola súa especialización en programación para público infantil e xuvenil.

Valdemuller tamén tivo unha entusiasta acollida o 4 de maio no Porto, onde o CDG participou por segundo ano consecutivo na carteleira do festival 'Fazer a Festa'.

Dúas bonecas de *Valdemuller*



UN TOTAL DE 15 ALUMNOS PARTICIPAN NO CURSO DE PATRICK LERCH

Un total de 15 alumnos participan no obradoiro que imparte Patrick Lerch do 5 ao 9 de maio, última parte do curso *Pistas para unha dramaturxia da actualidade II*, que dirixe e coordina Cándido Pazó.

O propio Pazó, Yolanda Pallín e Jacinto Lucas Pires impartiron os anteriores obradoiros, onde os alumnos matriculados traballaron aspectos relacionados coa escolla dos temas e motivos de teatralización, detección de conflitos e valoración das potencialidades de partida, así como os distintos elementos da teatralidade á hora de abordar o traballo dramático, construción de personaxes, diálogos e resolucións.

Patrick Lerch (París, 1959) vive e traballa actualmente en Bruxelas. Actor, director e autor, escribiu numerosos textos para o teatro, que son postos en escena habitualmente tanto en Francia como en Bélxica. As súas pezas foron presentadas no festival de Avignon 95, en teatros de París e Bruxelas, así como en diversos festivais en Francia, Bélxica e Canadá. Escribiu en residencia na Chartreuse de Villeneuve (*L'ange et le cuisinier* 96) e recibiu varias bolsas de escrita. Os seus textos, entre os que destacan *Les Nuages gris dans les yeux bleus de ma mère*, *Les Silences de Monsieur Tarwitz*, *Le Bouffeur ou Le Dire troublé des choses*, foron editados polo Grupo Avén, en Bélxica e polas editoriais Lasman e Ed. Théâtrales en Francia.

132 NOVOS MÚSICOS OPTAN ÁS 30 PRAZAS DE ALUMNOS ACTIVOS DA EAEM

132 novos músicos, na súa meirande parte galegos, inscribíronse para optar ás 30 prazas de alumnos activos que oferta a Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) para a promoción 2008-2010 da súa Sección de Especialización. As probas para as 12 especialidades instrumentais que imparte o centro celebráronse do 19 ao 24 deste mes na súa sede do parque Vista Alegre, en Compostela. O 13 de maio expóranse nos taboleiros de anuncios do IGAEM e da EAEM os horarios das probas para cada un dos instrumentos.

Os aspirantes que cumpran todos os requisitos documentais terán que superar as audicións, nas que serán avaliados por un tribunal composto polo director da Escola, o xerente do

IGAEM (ou a persoa na que delegue), o xefe de estudos e como mínimo un membro do claustro para cada unha das especialidades: violín, viola, violonchelo, contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón e percusión.

Os alumnos seleccionados como activos dispoñen, durante os dous anos que abrangue o plan de estudos, dunha clase individual semanal, clases de música de cámara, clases de práctica de orquestra e clases teóricas relacionadas coas cuestións que se presentan na práctica profesional.

Pola súa banda, os candidatos que, reunindo os requirimentos para formar parte do alumnado da Escola, non acaden a puntuación necesaria para ser alumnos activos pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez dun ano. Todos os admitidos nas listas terán dereito á asistencia gratuíta ás clases máxistras e cursos que organice a EAEM.

Alumnos da EAEM



02 VENRES	Os Quinquilláns <i>O Mago de Oz</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Berrobombán Teatro <i>Boas noites</i> San Sadurniño 20.15 h CENTRO SOCIOCULTURAL	Bacana <i>Hendaya Mon Amour</i> A Estrada 21.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro do Noroeste <i>Romeo e Xulieta</i> Burela 21.30 h CASA DA CULTURA	B.B. Producións <i>Lili Camaleón</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE		CDG <i>Estigma</i> 21.00 h (ESTREA)	02 VENRES	
03 SÁBADO	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> 18.00 h Vigo AUDITORIO MUNICIPAL	Chrystyan Magic <i>Segredos dun mago</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Fulano, Mengano e Citano Arte Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY	Teatro Ensalle <i>Te has perdido el mar</i> Cangas 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	B.B. Producións <i>Lili Camaleón</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE		CDG <i>Estigma</i> 20.30 h	03 SÁBADO	
04 DOMINGO	<i>Produccións Aconrabutaca</i> 		Fulano, Mengano e Citano Arte Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	Hernán Naval Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	B.B. Producións <i>Lili Camaleón</i> Vigo 20.30 h TEATRO ARTE LIVRE		CDG Valdemuller Porto (Portugal) TEATRO ARTE IMAGEM FESTIVAL FAZER A FESTA	CDG <i>Estigma</i> 18.00 h	04 DOMINGO
06 MARTES			Produccións Aconrabutaca <i>Robin Hood</i> Ferrol 11.00 h TEATRO JOFRE	<i>Volta e Dálle Teatro</i> 				CDG <i>Estigma</i> 11.00 h (Función escolar)	06 MARTES
07 MÉRCORES									
08 XOVES	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Vigo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Mago Romarís <i>Por arte de maxia</i> Santiago 22.00 h SALA NASA				CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Málaga 21.00 h TEATRO CÁNOVAS	CDG Valdemuller Vilagarcía 11.00 AUDITORIO MUNICIPAL (Función escolar)	CDG <i>Estigma</i> 11.00 h (Función escolar)	08 XOVES
09 VENRES	Malasombra <i>Non é tan fácil</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Bengala Producións <i>Historia do soldado</i> Santiago TEATRO PRINCIPAL	Produccións Aconrabutaca <i>Robin Hood</i> Tui 20.00 h TEATRO M. ÁREA PANORÁMICA	Mago Calí <i>Maxia para soñar</i> Mondoñedo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL PASCUAL VEIGA	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Culleredo 20.30 h EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES	Volta e Dálle Teatro <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i> Ames 21.00 h C. DA CULTURA DO MILLADOIRO	CDG Valdemuller Vilagarcía 11.00 AUDITORIO MUNICIPAL (Función escolar)	CDG <i>Estigma</i> 20.30 h	09 VENRES
10 SÁBADO	Casa Hamlet Lionel <i>(o malestar do benestar)</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Carballo PAZO DA CULTURA	Mago Romarís <i>Por arte de maxia</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	La Imagina Machina Ubú Rei A Estrada 21.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Vigo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL				10 SÁBADO
	Bengala Producións <i>Historia do soldado</i> Santiago de Compostela TEATRO PRINCIPAL	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Burela 18.00 h CASA DA CULTURA	Produccións Aconrabutaca <i>Robin Hood</i> Viveiro 18.00 h TEATRO PASTOR DÍAZ	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Ponteareas 21.30 h AUDITORIO MUNICIPAL REVERIANO SOUTULLO				
11 DOMINGO	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Cangas 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Casa Hamlet Lionel <i>(o malestar do benestar)</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Mago Romarís <i>Por arte de maxia</i> Santiago 22.00 h SALA NASA			CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Ferrol 21.00 h TEATRO JOFRE		CDG <i>Estigma</i> 20.30 h	11 DOMINGO
	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Títeres Cachirulo Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRANS	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapéu</i> A Coruña 17.30 h FORUM METROPOLITANO	Títeres Cachirulo <i>Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Ferrol 21.00 h TEATRO JOFRE	Casa Hamlet Lionel <i>(o malestar do benestar)</i> Vigo 20.30 h TEATRO ARTE LIVRE	CDG <i>Estigma</i> 18.00 h	
13 MARTES	Berrobombán Teatro <i>Boas noites</i> Ferrol 11.00 h TEATRO JOFRE								13 MARTES

Centro Dramático Galego

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Centro Coreográfico Galego

Escola de Altos Estudos Musicais

Rede Galega de Salas

e_scena PÁXINA 7 NÚMERO 24 MAIO 2008

14
MÉRCORES

15
XOVES

16
VENRES

17
SÁBADO

18
DOMINGO

22
XOVES

23
VENRES

24
SÁBADO

25
DOMINGO

Nunca +1
Novecento
Monforte 20.15 h
EDIFICIO MULTIÚSOS

Caramuxo Teatro S. C.
Lazarillo
O Carballiño
AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro Ensalle
Te has perdido el mar
Ourense 20.30 h
TEATRO PRINCIPAL

Produccións Acontrabutaca
Robin Hood
Burela 18.00 h
CASA DA CULTURA

40 Pasos *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*
A Coruña 20.30 h
FORUM METROPOLITANO

Bengala Produccións
Historia do soldado
Cangas 19.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro Galileo
Náufragos
Culleredo 11.00 h
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Teatro Galileo
Náufragos
Culleredo 11.00 h
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Talía Teatro
E ti quen vés sendo?
Boiro 21.00 h
CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

Talía Teatro
O merlo branco
Vigo 18.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Produccións Acontrabutaca
Robin Hood
Carballo 18.00 h
PAZO DA CULTURA



O Mago Teto
Perto de ti
Mondoñedo 20.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL
PASCUAL VEIGA

Sarabela Teatro
Margar no pazo do tempo
Lalín 21.30 h
NOVO SALÓN TEATRO

Títeres Tropicallo
Bolboreta
Ortigueira 18.00 h
TEATRO DA BENEFICENCIA

Os Monicreques de Kukas *Un agasallo para Xaquín*
Ribadavia 20.30 h
AUDITORIO DA C. DA CULTURA

Artello Teatro Alla
Scala 1:5 Unha de amor
Ourense
AUDITORIO MUNICIPAL

Tanxarina Títeres
Sombreiro sen chapeu
O Barco 20.00 h
TEATRO MUNICIPAL
LAURO OLMO

Teatro Galileo
Náufragos
Culleredo 20.30 h
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Teatro do Noroeste
Romeo e Xulieta
Narón 20.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro Galileo
Náufragos
Sada 20.00 h
CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS

40 Pasos *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*
A Coruña 20.30 h
FORUM METROPOLITANO

Andrómena Teatro
A porta pechada
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

Berrobambán Teatro
Boas noites
Ribadeo 19.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL
HERNÁN NAVAL

Teatro de Adro
Comida chinesa
Ferrol 20.30 h
TEATRO JOFRE

Volta e Dálle Teatro
Pan. Catro propostas arredor da malla
Betanzos 20.30 h
AULA MUNICIPAL DE CULTURA


Dani García
Cousa de maxia
Mondoñedo 20.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL
PASCUAL VEIGA

Teatro do Noroeste
Romeo e Xulieta
Narón 20.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro do Morcego
O club da calceta
Santiago 21.00 h
TEATRO PRINCIPAL

Teatro del Andamio
A lingua das bolboretas
Vigo 20.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

40 Pasos



Teatro do Morcego
O club da calceta
Culleredo 20.30 h
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Abada Teatro / Carlos Blanco
Humor negro
Narón 20.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Andrómena Teatro
A porta pechada
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

Ilusionista Pedro Volta
Ilusión
Carballo 18.00 h
PAZO DA CULTURA



Bacana
Hendaya Mon Amour
Viveiro 21.00 h
TEATRO PASTOR DÍAZ

Volta e Dálle Teatro
Pan. Catro propostas arredor da malla
Sanxenxo 22.00 h
PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

CCG
Kiosco das almas perdidas
Viseu (Portugal) 21.30 h
TEATRO VIRIATO



CCG
Kiosco das almas perdidas
Viseu (Portugal) 21.30 h
TEATRO VIRIATO



Andrómena Teatro
A porta pechada
Vigo 20.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

CCG
Kiosco das almas perdidas
Ponferrada 21.00 h
TEATRO MUNICIPAL BERGIDUM

Teatro del Andamio
A lingua das bolboretas
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

CDG Valdemuller
Ferrol
TEATRO JOFRE

CDG Valdemuller
Ribadeo 11.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL
HERNÁN NAVAL
(Función escolar)



CDG Valdemuller
Vigo 20.30 h
CENTRO CULTURAL
CAIXANOVA



CDG Valdemuller
Vigo 20.30 h
CENTRO CULTURAL
CAIXANOVA

Teatro do Morcego
O club da calceta
Santiago 21.00 h
TEATRO PRINCIPAL



CDG Valdemuller
Ferrol
TEATRO JOFRE

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

SALÓN TEATRO

SALÓN TEATRO

SALÓN TEATRO

CDG
Estigma
11.00 h
(Función escolar)

CDG
Estigma
11.00 h
(Función escolar)

CDG
Estigma
20.30 h

CDG
Estigma
20.30 h

CDG
Estigma
18.00 h

Teatro Ensalle
Te has perdido el mar
A Estrada 21.30 h
TEATRO PRINCIPAL

Sond'Ar-te Electric Ensemble
Homenaxe a Enrique
Macías 20.30 h

Sapristi
Ó son das cousas
Ames
CASA DA CULTURA
DO MILLADOIRO

Teatro del Andamio
A lingua das bolboretas
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

14
MÉRCORES

15
XOVES

16
VENRES

17
SÁBADO

18
DOMINGO

22
XOVES

23
VENRES

24
SÁBADO

25
DOMINGO

26
LUNS

27
MARTES

28
MÉRCORES

29
XOVES

30
VENRES

31
SÁBADO



Intermission Dúo de Percusión

Teatro Galileo
Náufragos
Ourense
AUDITORIO MUNICIPAL

Malasombra
Non é tan fácil
Vilagarcía de Arousa
AUDITORIO MUNICIPAL

Mago Benxamín A
Maxia de Benxamín e Loli
Mondoñedo 20.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL
PASCUAL VEIGA

Teatro de Ningures
Emigrados
Ourense 20.30 h
TEATRO PRINCIPAL



Intermission
Dúo de Percusión
Música do vento
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

CCG
Kiosko das almas perdidas
21.30 h Brangaça
(Portugal) AUDITÓRIO
DO TEATRO MUNICIPAL

Bacana
Hendaya Mon Amour
Ames 21.00 h
CASA DA CULTURA
DE BERTAMIRÃNS

Pisando Ovos
30.000
Ferrol 22.00 h
CENTRO CULTURAL
TORRENTE BALLESTER

Intermission
Dúo de Percusión
Música do vento
Vigo 21.30 h
TEATRO ARTE LIVRE

Teresa Nieto
en Compañía
Ni palante ni patrás [...]
Santiago 21.00 h
TEATRO PRINCIPAL

Cuarteto
Ephimere
A muller como inspiración
Cangas 22.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Pisando Ovos
N8 OHX
Ferrol 22.00 h
CENTRO CULTURAL
TORRENTE BALLESTER

Intermission
Dúo de Percusión
Música do vento
Vigo 20.30 h
TEATRO ARTE LIVRE



26
LUNS

27
MARTES

28
MÉRCORES

29
XOVES

30
VENRES

31
SÁBADO

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

IX Mostra de Teatro
Universitario da USC
21.00 h

IX Mostra de Teatro
Universitario da USC
21.00 h

IX Mostra de Teatro
Universitario da USC
21.00 h

IX Mostra de Teatro
Universitario da USC
21.00 h

IX Mostra de Teatro
Universitario da USC
21.00 h

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Subvencións ao sector escénico e musical 2008 (DOG nº 9, de 14 de xaneiro de 2008)	B. Programa Crédito-Cultura Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución no ámbito das artes escénicas e musicais, con domicilio ou sede social en Galiza. C. Distribución: C.1. Distribución exterior dos espectáculos de artes escénicas e musicais Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio ou sede social en Galiza. C.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música, con domicilio ou sede social en Galiza. G. Formación especializada Persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galiza e estean vinculadas á actividade de produción e distribución profesional de artes escénicas e musicais.		31 de outubro* 31 de outubro** En todo caso, antes do 15 de outubro
Feira Galega das Artes Escénicas 2008. Inscripción de espectáculos	O proceso de inscrición de espectáculos cara á selección do programa da Feira, que se celebrará do 13 ao 17 de outubro en Compostela, realízase a través da formulario electrónico dispoñible na web www.feiradasartesesescenicas.com	Compañías de teatro de actor, de monicreques, danza e novo circo galegas e de fala portuguesa.	20 de maio
Audición para a selección de bailaríns/bailarinas para a vindeira produción do CCG	As probas, que terán lugar do 2 ao 5 de xuño na Coruña, incluírán unha clase de ballet clásico, unha clase de danza contemporánea e un taller a cargo de Cisco Aznar, coreógrafo convidado para a nova produción da temporada 2008-2009. Os bailaríns deberán preparar, ademais, un fragmento de material propio ou doutro coreógrafo de 5 minutos de duración.	Bailaríns e bailarinas maiores de idade. Para inscribirse na audición é imprescindible enviar o curriculum vitae ao enderezo electrónico documentacion.ccg@xunta.es	9 de maio
CCG. Xornada "Ferramentas para programar danza"	Toni Jodar, Beatriz Daniel, David Márquez e Manel Rodríguez ofrecerán, de xeito creativo e ameno, unha serie de ferramentas para contribuír a un mellor coñecemento da danza contemporánea e á súa difusión entre os públicos. A xornada celebrarase o 24 de maio no Forum Metropolitano da Coruña.	25 prazos para programadores e xestores culturais. Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	16 de maio
CCG. Taller "A danza como recurso para o traballo con persoas con necesidades educativas especiais"	Laura Rodríguez de Llauder Ubeira, investigadora no eido da psicodanza, xestoterapia e arteterapia impartirá este taller do 30 de maio ao 1 de xuño no centro O Pelouro (Caldelas de Tui. Pontevedra), onde é profesora de psicodanza.	15 prazos para familiares e profesores/as de nenos/as de entre 6 e 12 anos con necesidades educativas especiais Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	23 de maio

* Un mes dende a formalización dos créditos ou préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta resolución, o prazo rematou o 15 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2007 e o 14 de xaneiro de 2008, o prazo finalizou o 15 de febreiro.

[...] CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Coproducións CCG 2008-2009	Selección dun mínimo de un e un máximo de tres proxectos de danza, que o Centro Coreográfico Galego coproducirá na temporada 2008-2009. Os criterios de selección centraranse na calidade e interese artísticos dos proxectos, no seu impacto canto á innovación e incorporación de diferentes disciplinas e linguaxes artísticas, e na súa xestión.	Compañías, colectivos ou creadores/as profesionais galegos/as, e de fóra de Galiza que colaboren con artistas galegos. Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	31 de maio
CCG. Obradoiro de psicodanza	Carmela Bueno e Alejandra Beiras, da Asociación Igualarte, son as profesoras deste taller sobre a psicodanza como método de traballo para favorecer o desenvolvemento integral do individuo, e especificamente das persoas con necesidades educativas especiais. O obradoiro, gratuíto previa inscrición, celebrárase do 30 de xuño ao 4 de xullo na Fábrica de Oleiros.	15 prazos para mediadores culturais e educativos (profesores, animadores culturais, educadores sociais, etc.) Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	26 de xuño
Curso de Clown	O IGAEM colabora neste curso intensivo sobre o conflito do pallaso e as máscaras que impartirán Paco González, de Familie Flöz, e Petra Hofmann do 23 de xuño ao 13 de xullo en Valdeorras.	Os interesados en inscribirse ou en recibir máis información deben enviar un correo electrónico cos seus datos e curriculum a paco@floe.net	1 de xuño
Premios á creación literaria no eido dramático (DOG nº 63, de 2 de abril)	XVII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	12 de xuño
	III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	
	VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. 2 modalidades: rapaces e adultos (dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos para teatro de monicreques inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	
Coproducións CDG 2008-2009	Selección dos dous proxectos (un dirixido ao público infantil e outro ao adulto), que o CDG coproducirá na vindeira temporada. Ámbolos dous implicarán o uso dunha linguaxe escénica contemporánea e serán seleccionados en función da súa calidade e interese artísticos, do seu impacto canto á innovación e incorporación de diferentes disciplinas e linguaxes artísticas, e da súa xestión.	Compañías, colectivos ou creadores/as profesionais galegos/as ou con domicilio habitual en Galiza. Máis información no tel. do CDG 981 581 111	Aberta a recepción de proxectos

Rexistro de datos
XANEIRO-FEBREIRO 2008

IGAEM

CDG

Producións con distribución pechada (*)				
Noite de Reis. Ou o que queirades				
Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ourense	Valdemuller	5	124,00	424,96 €
Narón	Valdemuller	4	90,50	365,00 €
Tui	Valdemuller	3	247,67	390,17 €

CCG

Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	Kiosco das almas perdidas	1	608	[estrea]

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit/ Cía. Mudances	Larandland	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	El agresor	2	48,5	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	Negro	2	88,5	477 €
Sinsal	Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo	1	91	518,00 €
Sinsal	Michael Gira + (r)	1	87	554,00 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2008

	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	8	621	28,53%	3.391,00 €
Noite de Reis (CDG)	7	2.670	68,95%	15.913,20 €
Valdemuller (CDG)	12	1.725	33,48%	4.755,30 €
Kiosco das [...] (CCG)	1	608	89,41%	[estrea]

(*) Desglose en anteriores números de e_scena

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	2	318,5	1873,2 €
Abada Teatro-Carlos Blanco	6	314,83	1625 €
Artesán Teatro	1	110	275 €
Bacana	6	89,67	416,67 €
Berrobambán Teatro	4	235,75	620,08 €
Caramuxo Teatro S. C.	4	133,5	265,75 €
Chrystyan Magic	2	289,5	656,41 €
Colectivo Danzón	1	89	185 €
Cuarta Pared	4	153,25	832,6 €
Disque Danza	1	86	262,72 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198 €
Entremâns	2	74,5	458,5 €
Espello Cóncavo	4	174	351 €
Fulano, Mengano e Citano	2	115,5	222 €
Galitoon	8	237	400,25 €
Javier Muro	1	162	349,2 €
La Imagina Machina	3	155,33	501,23 €
Lagarta Lagarta	2	113,5	158,5 €
Mago Norberto	1	164	346,76 €
Mago Pablo	1	157	333,3 €
Mago Xacobe Sanz	1	124	266,6 €
Malasombra	1	117	402,5 €
Marco González Tango Argentino	2	191	222,5 €
Migallas Teatro	2	121,5	178,5 €
Mofa e Befa	1	153	448 €
Musik-Walk	2	75,5	310 €
Nunca +1	2	79,5	272 €
Nut Teatro	3	63,67	175,5 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246 €
Os Monicreques de Kukas	5	90	111,2 €
Os Quinquilláns	3	160,67	276,83 €
Pistacatro Productora de Soños	4	222,5	800,25 €
Produccións Acontrabutaca	3	135	383,81 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	1	45	135 €
Sapristi	2	202	404 €
Sarabela Teatro	4	113	501,88 €
Talia Teatro	11	168,55	301,75 €
Tanxarina Titeres	3	157,67	223 €
Teatro de Adro	2	146	706,25 €
Teatro de Ningures	6	113,67	450,83 €
Teatro del Andamio	2	126,5	335,5 €
Teatro do Atlántico	1	68	238 €
Teatro do Noroeste	5	68	307,8 €
Teatro Ensalle	1	58	84 €
Teatro Galileo	5	163,4	738,5 €
Teatro Lope de Vigo	1	131	327,5 €
Titeres Cachirulo	3	166,67	269,29 €
Titeres Trompicallo	3	197,67	402 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña (IMCE)	10	203,2	618,10 €
A Coruña (Teatro Colón Caixa Galicia)	1	155	575,00 €
A Estrada	6	127,33	290,50 €
Ames	4	122,75	277,50 €
Arteixo	9	156,67	352,15 €
As Pontes de García Rodríguez	1	144	216,00 €
Betanzos	1	110	275,00 €
Boiro	3	173,67	291,33 €
Cambados	5	142,4	174,60 €
Cangas do Morrazo	3	111,67	384,00 €
Carballo	5	127,4	312,32 €
Cedeira	3	128,33	160,33 €
Cee	4	82,75	157,00 €
Ferrol	4	91	277,38 €
Foz	2	85,5	180,00 €
Lugo	3	109,67	605,67 €
Mondoñedo	1	68	238,00 €
Monforte de Lemos	1	62	78,00 €
Muros	4	103,25	203,13 €
Narón	4	278,25	1.636,70 €
Noia	1	61	183,00 €
O Barco de Valdeorras	4	122	508,75 €
O Carballiño	1	44	88,00 €
Oleiros	2	162	501,50 €
Ortigueira	2	61	176,50 €
Ourense (Teatro Principal)	4	228,75	1.470,75 €
Ourense (Auditorio Municipal)	1	147	75,00 €
Pontevedra	11	346,27	924,59 €
Redondela	4	234,25	433,00 €
Ribadeo	4	123,5	276,00 €
Sada	4	155,75	125,75 €
San Sadurniño	2	89	195,00 €
Santiago de Compostela	9	75	403,22 €
Sanxenxo	2	191	798,75 €
Tui	1	224	802,00 €
Vigo (Auditorio Municipal)	4	106,25	276,50 €
Vigo (Caixanova)	2	150	916,25 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121,00 €
Vilalba	1	38	84,00 €
Viveiro	2	135,5	385,00 €

TOTAIS RGTA (até febreiro)	2006	2007	2008
Funcións	86	108	137
Público	15.316	16.296	21.115
Ocupación	45,95%	39,69%	39,55%
Facturado	43.582,00 €	47.184,61 €	63.383,24 €

Rexistro de datos XANEIRO-FEBREIRO 2008

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Tuna Rastafari	1	262	771 €
Aguardiente Swing Quartet	2	76	292,5 €
Alberto Pérez	2	72	273,5 €
Alegales	3	62	84 €
Álvaro Muras	3	35,67	60 €
Álvaro Vieito Trío	2	28	87,5 €
Ataque Escampe	1	61	183 €
Avelaíña	2	34,5	84 €
Balakandra	3	28,33	59,67 €
Bruno T. Ford	5	29,4	78,6 €
Bukowski Blues Trío?	4	29,75	61,75 €
Capitán Furilo	3	42,33	62,67 €
Carlos López Quartet	2	20	86 €
Carmen Dor	1	43	90 €
Coanhadeira	1	30	60 €
Cornelius	5	88,2	271,6 €
Détour	4	28,5	76 €
Día de Furia	1	74	222 €
Dismal	3	78	317 €
Dorian Gray	2	23	30 €
El Cubo	3	73,67	245,33 €
Elodio y Los Seres Queridos	1	47	126 €
Emma Placer	3	51	116 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	1	38	114 €
Fernando Esclusa	2	30	56 €
Grasa	2	43,5	67,5 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	1	47	126 €
Heissel	4	78,25	228 €
Hot3 Sss	2	21	64,5 €
Igloo	4	79	260 €
Ivan & Josito	1	50	150 €
Jabón Blue	1	55	111 €
Jaso&boo Jazz Performance	3	18,67	36,33 €
Jato Nejro Jazz Trío	2	17,5	60 €
Jugoplastika	1	27	76 €
Kin García Trío	2	46,5	178,5 €
Le Punk	1	67	275 €
Little Albert Boogie Band	3	29,33	70 €
Los Casanovas	1	15	60 €
Los High Sierras	1	41	144 €
Marcos Meléndrez e Gastón Rodríguez Tango Bar	1	85	255 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	2	83,5	292,5 €
Moondogs Blues Party	3	41,67	98,33 €
Mr. Dixie Jazz Band	3	44	269,33 €
Niño y Pistola	2	46	127,5 €
O Sonoro Maxín	3	69,67	199 €

GRUPOS

Pacífico	3	69	199 €
Pepa e Davide & Madame Cell	1	67	168 €
Renato Spencer & Café Caxaga	1	16	48 €
Rockers Go To Hell	2	68	247,5 €
Samuel Levi	1	13	30 €
Sax Machine	1	11	27 €
Stereotipos	2	24	72,5 €
Sumrrá	1	28	140 €
Sweet Oblivion Band	2	53	118,5 €
Swingpool	1	57	106 €
Tangata	1	21	63 €
The Blows	2	170	715 €
The Turre's Band	2	60,5	121,5 €
Ton Martínez-Risco / Jacobo de Miguel Dúo	1	30	120 €
Tonhito de Poi e Rasaloba	1	59	185,5 €
Transilvanians	1	122	590 €
Ú-lo Trío?	1	39	180 €
Vozes da Rádio	2	80	344,5 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fragua (Redondela)	3	26,67	42 €
Ache (Marín)	1	38	114 €
Aturuxo (Bueu)	6	91,33	316,67 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	3	57,67	119,33 €
Babel (Lugo)	2	53	174 €
Badulake (Ordes)	1	5	5 €
Bar Liceum (O Porriño)	3	88,33	351 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	3	54,67	164 €
Borriquita de Belém (Santiago)	2	42,5	90,5 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	2	44	117,5 €
Catro Camiños (A Rúa)	2	45	90 €
Clandestino (Nigrán)	2	29	111 €
Clavicémbalo (Lugo)	6	38,83	90,5 €
Contrabajo (Vigo)	2	27	52,5 €
Disco-Sala Ogmios (Cariño)	1	44	132 €
El Ensanche (Vigo)	3	47,67	143 €
Forum Celticum (Culleredo)	1	100	300 €
Garufa (A Coruña)	4	49,5	126 €
Jazz Filloa (A Coruña)	3	31,67	158,33 €
Jazz Vides (A Coruña)	5	46,4	239,2 €
La Casa de Arriba (Vigo)	8	33,88	93,88 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	7	78,14	218,14 €
La Galería (Vigo)	3	19,33	96,67 €
La Iguana (Vigo)	3	136	516 €
Manteca Jazz (Vigo)	1	95	450 €
Marrucho (Baiona)	1	42	105 €

Micos (Cariño)	4	26	52 €
Planeta (Sarria)	1	111	455 €
Pub O Muíño (Cervo)	3	39,67	87,33 €
Pub D'Antón Rock Café (A Laracha)	4	52,75	156,38 €
Pub Gatos (Melide)	4	32	96 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	4	32	44 €
Sala Run Run (Ferrol)	4	63,5	253 €
Sala 600 (Melide)	4	80,75	162,25 €
Sala Clan (Xinzo de Limia)	1	113	339 €
Sala Karma (Pontevedra)	4	54,25	252 €
Sala Mogay (Chantada)	4	61,75	185,25 €
Salason (Cangas do Morrazo)	3	42	128,33 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	3	59,33	68,67 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	2	50	100 €
Verbum Jazz (Vigo)	3	20,67	51,33 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	3	46	130 €

TOTAIS RGMV (até febreiro)	2007	2008
Funcións	89	129
Público	4.762	6.779
Ocupación	27,2%	37,74%
Facturado	11.110 €	20.764 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Sala Nasa (Santiago)	4	51,25	334,75 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	6	25,33	92,67 €
Teatro Ensalte (Vigo)	6	14,33	94,5 €

TOTAIS RGS (até febreiro)	2007	2008
Funcións	27	16
Público	1.093	443
Ocupación	36,12%	45,90%
Facturado	6.045,00 €	2.462,00 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es